Quedan derogadas calquera outras normas sobre a Taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos aprobadas por este concello en data anterior a presente.

Disposición transitoria

As variacións que sexan comunicadas no primeiro semestre de 2023 surtirán efectos no padrón do segundo semestre de 2023.

Disposición final

A presente modificación da Ordenanza entrará en vigor día 1 de xullo de 2023, logo da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e logo da súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación municipal, e estará en vigor ata a súa derogación expresa.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expoñer ó público o presente acordo, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia e no taboeiro de anuncios do Concello, por un período de trinta días a fin de que os interesados poidan examinalo expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións durante dito prazo entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

7.-Aprobar se procede a corrección de erro existente na Disposición derogatoria da Ordenanza Fiscal Reguladora do Prezo Público da Escola Infantil do Concello de Oroso (EXP. 2022/G016/000004).

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia do asunto e a súa inclusión na orde do día o Pleno por:

Votos a favor: doce (5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia e inclusión do punto na orde do día.

Posteriormente, logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

“LOGO DE VER o expediente tramitado para a modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola utilización da escola infantil do Concello de Oroso actualmente vixente.

PLENO

LOGO DE VER o acordo de aprobación inicial de dita modificación adoptado polo Pleno do Concello na súa sesión de data 28 de xullo de 2022.

LOGO DE VER o anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia número 148 de data 5 de agosto de 2022.

LOGO DE VER o anuncio de aprobación definitiva publicado no Boletín Oficial da Provincia número 194 de data 13 de outubro de 2022.

LOGO DE VER a petición de emenda da solicitude de axuda efectuada polo Concello de Oroso ao abeiro da ORDE do 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022/23, e se procede á súa convocatoria(código de procedemento BS420D) con rexistro de entrada número 20220000002935 de data 18 de novembro de 2022.

CONSIDERANDO que a petición de emenda alude á necesidade de revisar a disposición derogatoria da ordenanza reguladora do prezo público pola utilización da Escola Infantil do concello de Oroso, ao entender que, segundo indica, desde o 1 de setembro de 2022 non hai prezos establecidos para a atención educativa.

CONSIDERANDO que tal e como se sinala no informe de Tesourería que se incorpora ó expediente de modificación da ordenanza fiscal A modificación da actual ordenanza ven motivada pola modificación efectuada na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia que establece na súa disposición adicional novena no apartado 7:

“Co fin de consolidar o obxectivo de interés público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de lograr a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos, con efectos económicos a partir do comenzo do curso escolar 2022-2023, extenderase o réxime establecido nesta disposición á matriculación do primeiro fillo ou filla da unidade familiar, de acordo coa regulación nela establecida para os distintos supostos que contempla”.

Esta gratuidade implicará que a Xunta de Galicia pasará a pagar a contía equivalente á cantidade que lle correspondería aboar ás familias pola atención educativa a través dun sistema de transferencias ou subvencións.

CONSIDERANDO que dita modificación, introducida polo número dous do artigo 29 da Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas permite aplicar unha bonificación do 100% dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en cada momento en vigor, facultando o apartado segundo da mencionada Disposición ás Entidades Locais a entender que existen razóns de interese público que permiten fixar a contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias por debaixo do límite do custo do servizo.

PLENO

CONSIDERANDO pois que o que faculta a mencionada Disposición Adicional Novena é unha bonificación do 100% con carácter xeral para todos os usuarios do servizo das tarifas vixentes na correspondente Ordenanza Fiscal.

ADVERTIDO pois o erro material cometido na Disposición Derrogatoria da Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola utilización da Escola Infantil do concello de Oroso aprobada polo Pleno do Concello na súa sesión celebrada o 28 de xullo de 2022 e publicada no BOP número 194 de data 13 de outubro de 2022 dado que onde di “A partir do 1 de setembro de 2022 quedan derogadas as tarifas sinaladas no artigo 5 apartado 1 da presente ordenanza ao abeiro do establecido na disposición adicional novena apartado 7 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia” debe decir: “A partir do 1 de setembro de 2022 queda establecida unha bonificación do 100% das tarifas sinaladas no artigo 5 apartado 1 da presente ordenanza ao abeiro do establecido na disposición adicional novena apartados 2 e 7 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia”

CONSIDERANDO que de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro as Administracións Públicas, poderán, rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, PROPONSE ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. De conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, rectificar o erro material cometido na Disposición Derrogatoria da Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola utilización da Escola Infantil do concello de Oroso aprobada polo Pleno do Concello na súa sesión celebrada o 28 de xullo de 2022 e publicada no BOP número 194 de data 13 de outubro de 2022 no seguinte sentido:

Onde di: “A partir do 1 de setembro de 2022 quedan derogadas as tarifas sinaladas no artigo 5 apartado 1 da presente ordenanza ao abeiro do establecido na disposición adicional novena apartado 7 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia”

Debe decir: “A partir do 1 de setembro de 2022 queda establecida unha bonificación do 100% das tarifas sinaladas no artigo 5 apartado 1 da presente ordenanza ao abeiro do establecido na disposición adicional novena apartados 2 e 7 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia”

SEGUNDO. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de acordo co disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais”

PLENO

Ábrese unha quenda de intervencións.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que se trata dunha corrección de erros e nada teñen que engadir.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala igualmente que van a votar a favor.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e o pleno por:

Votos a favor: doce (5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. De conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, rectificar o erro material cometido na Disposición Derrogatoria da Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola utilización da Escola Infantil do concello de Oroso aprobada polo Pleno do Concello na súa sesión celebrada o 28 de xullo de 2022 e publicada no BOP número 194 de data 13 de outubro de 2022 no seguinte sentido:

Onde di: “A partir do 1 de setembro de 2022 quedan derrogadas as tarifas sinaladas no artigo 5 apartado 1 da presente ordenanza ao abeiro do establecido na disposición adicional novena apartado 7 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia”

Debe decir: “A partir do 1 de setembro de 2022 queda establecida unha bonificación do 100% das tarifas sinaladas no artigo 5 apartado 1 da presente ordenanza ao abeiro do establecido na disposición adicional novena apartados 2 e 7 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia”

SEGUNDO. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de acordo co disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais”

II PARTE DE CONTROL

8.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 1243/2022 do 23/09 ata a 1546/2022 do 18/11.

Dáse conta dos decretos ditados pola Alcaldía desde o 1243/2022 do 23/09 ata o nº 1546/2022 do 18/11 dos que se lles deu relación aos concelleiros e estiveron a disposición dos mesmos desde a convocatoria da sesión do Pleno.

PLENO

9.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 23/09/2022 ata o 18/11/2022.

Dáse conta dos reparos formulados pola intervención municipal entre o 23/09/2022 ata o 18/11/2022 dos que se lles deu relación aos concelleiros e estiveron a disposición dos mesmos desde a convocatoria da sesión do Pleno:

	Data	Asunto
	29/09/2022	Prórroga contrato seguridade edificios
	03/10/2022	Aprobación facturas F/2022/51
	07/10/2022	Servizo actividades deportivas
	07/10/2022	Contrato de obradoiro de debuxo e pintura
	10/10/2022	Aprobación facturas F/2022/28
	10/10/2022	Prórroga contrato de axuda no fogar.
	11/10/2022	Actividade para maiores
	17/11/2022	Subministro iluminación navideña

10.-Dación de conta da execución orzamentaria correspondente ao terceiro trimestre do 2022 (2022/X998/000275).

Dáse conta ao Pleno da execución orzamentaria correspondente ao terceiro trimestre que estivo a disposición dos concelleiros desde a convocatoria da presente sesión plenaria.

11.-Dación de conta do período medio de pago correspondente ao terceiro trimestre do 2022 (2022/X998/000274)

Dáse conta ao Pleno do período medio de pago correspondente ao terceiro trimestre do exercicio 2022 cuxa documentación estivo a disposición dos concelleiros desde a convocatoria da presente sesión plenaria.

12.-Dación de conta do informe de morosidade correspondente ao terceiro trimestre de 2022 (2022/X998/000273).

Dáse conta ao pleno do informe de morosidade correspondente ao terceiro trimestre de 2022 que estivo a disposición dos concelleiros desde a convocatoria da presente sesión plenaria.

13.-Dación de conta do Coste Efectivo dos Servizos das Entidades Locais (CESEL) correspondente ao 2021.

Dáse conta ao Pleno do coste efectivo dos servizos das Entidades Locais (CESEL) correspondente ao 2021 cuxa documentación estivo a disposición dos concelleiros desde a convocatoria da presente sesión plenaria.

14.- Mocións dos Grupos municipais.

PLENO

14.1. –Moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular en apoio ás traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

O Sr. Alcalde somete a votación urxencia da moción presentada e o Pleno da Corporación por:

Votos a favor: doce (5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Logo de ver o contido da moción:

“A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servicios Sociais de Galicia establece o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) como un servizo social comunitario básico dependente da administración local, os concellos.

Aparellado a esta Lei e a Lei de Dependencia existía un compromiso orzamentario, onde o Goberno do Estado e o das Comunidades Autónomas sufragarían a partes iguais o custo do servizo.

Desgraciadamente este compromiso non se cumpriu por parte do Estado e nestes momentos a Xunta de Galicia aporta un 70 % do custe e os concellos o 30 % restante.

É curioso como o Sr. Alcalde nunha nota publicada no diario La Voz de Galicia o día 21 de novembro, dí “o concello asume un déficit de 7 € / hora posto que a Xunta aporta 11 € e o custo é de 18 €” ¿e a parte que debe aportar o estado? ¿esquecérona? Déixense de facerlle oposición á Xunta e reclamen o que dí a lei e é xusto, 50 % Estado e 50 % CCAA.

Durante este mes de novembro as traballadoras do SAF están levando a cabo unha serie de accións para reivindicar os dereitos como traballadoras, reivindicacións lexítimas e xustas.

O Convenio Colectivo vixente é do ano 2011 e nestes momentos estase a traballar nun novo entre patronal e sindicatos (CCOO, UGT e CIG) co apoio e a mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, respectando, como non podía ser doutra maneira o principio de autonomía das partes implicadas. Nun primeiro borrador de acordo reconécese xa unha suba do 6´5 %, algo que lonxe de ser a panacea si mellora sensiblemente o salario das traballadoras.

De igualmente a Xunta de Galicia está vixiante no plano da inspección laboral das condicións nas que desenvolven estas traballadoras a súa labor, chegando a incorporar un plan específico de inspección e realizando preto de 600 inspeccións.

O compromiso de Galicia é claro con este servizo aumentando o orzamento destinado a sufragalo ata os 113 millóns de euros e situándonos como a

PLENO

segunda Comunidade Autónoma con maior porcentaxe de dependentes atendidos.

Como dixemos anteriormente o SAF é un servizo municipal, como pode ser que o Sr. Alcalde novamente en declaracións á presa diga que “respalda unhas condicións dignas para as traballadoras” e acto seguido diga que non pensa poñer un Euro para que isto ocorra.

No caso de Oroso a Xunta aporta unhas 23.500 horas ao ano cunha aportación económica de 258.000 € no ano 2022 o que supón aproximadamente uns 11 € / hora, co compromiso de seguir incrementando a achega progresivamente, no orzamento do 2023 o incremento será dun 10 %.

En canto á xestión do servizo, trala retirada dos Servizos Sociais da Mancomunidade de Ordes, Oroso teno externalizado, a última formalización de contrato foi o 17/10/2019 coa *Fundación para el estudio y la promoción de la acción social (FEPAS)*, este contrato vencía o pasado 17/10/2022, poucos días antes o Grupo de Goberno PSOE-BNG aprobaron na Xunta de Goberno Local previo ditame da Comisión Informativa correspondente a prórroga do contrato por un prazo máximo de 9 meses, sen modificacións nas condicións do contrato e con informe desfavorable da Secretaría e reparo suspensivo da Intervención municipal.

Tendo en conta todo o exposto anteriormente e sendo o SAF un servizo público necesario e fundamental do que todos debemos estar orgullosos o Grupo Municipal do Partido Popular de Oroso propón o seguinte ACORDO:

1. Mostrar o apoio da Corporación de Oroso as demandas das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).
2. Solicitar ao Goberno do Estado que cumpra co seu compromiso de financiación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e aporte o 50 % que lle corresponde.
3. Instar a patronal e sindicatos a chegar pronto a un acordo beneficioso para as partes e en especial para as traballadoras do servizo.
4. O Concello de Oroso comprométese (tendo en conta que a vixencia do contrato ten data de caducidade) a:
 - 4.1. Analizar a posibilidade técnica e legal mediante a preceptiva solicitude de informes aos técnicos municipais da posibilidade da remunicipalización do Servizo de Axuda no Fogar e trasladarlle ao Pleno da Corporación.
 - 4.2. Complementariamente ao anterior, traballar nun novo contrato de externalización do Servizo de Axuda no Fogar que teña como máxima a mellora das condicións de traballo das traballadoras. ”

PLENO

Ábrese unha quenda de intervencións:

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que as traballadoras do SAF levan unhas semanas facendo reivindicacións, por un lado piden unha suba do soldo que é un tema de convenio colectivo onde non nos podemos meter e por outro lado quéixanse das condicións da prestación do servizo. O Estado comprometeuse a aportar o 50% sen embargo o está aportando o 70% a Xunta de Galicia e o 30 % os concellos. O Sr. Alcalde saíu na prensa dicindo que o concello estaba a poñer 7 euros que non aportaba a Xunta de Galicia e esquece que existe unha parte que ten que aportar o Estado e que igualmente existe unha parte que teñen que poñer os propios usuarios en función dos seus ingresos. A xestión dos servizos que fai este Concello a temos falado moitas veces e sobre todo D. José Manuel Mirás Pulleiro en relación a que ten todos os servizos externalizados. Hai un mes vencía o contrato de axuda no fogar e foi prorrogado con informes desfavorables do Secretario e do Interventor da Corporación e agora vence en agosto de 2023, e por todo isto polo que presentamos esta moción.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que é unha moción axeitada e en tempo. O servizo de axuda a domicilio procede da lei de sanidade e da lei de dependencia que aprobou o goberno socialista e que a el lle parece que está ben. Afirma que segundo o PP o Estado non aporta, pero a realidade é que a Deputación si que da cartos e eses cartos son do Estado. En canto ás propostas de acordo que contén a moción temos que manifestar o noso apoio ás mesmas. Por un lado á mellora das condicións retributivas que debe redundar nun mellor servizo e agradecer que o acordo contemple a posibilidade de remunicipalizar o servizo, polo menos que se avalíe. Non obstante, considera que parece que existe certa contradición na moción xa que logo de dicir iso, no derradeiro punto se fala de externalizar o servizo polo que parece que existe certa contradición.

Toma a palabra D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen afirma que unha cousa é o apoio ás traballadoras do SAF e outro moi diferente e o que poñen aquí. Apoiase ás traballadoras estando nas manifestacións e non os vimos. Os concellos de mais de 20.000 habitantes teñen a obriga de sufragar este servizo polos seus propios medios, nos de menos é a Deputación que aporta 12 euros. Efectivamente, existe un copago ou non, o normal é que non exista. O que pasa é que debido a tardanza en declarar as dependencias estamos saturando o SAF básico. En canto ás condicións básicas, un convenio colectivo xusto é o mínimo que se pode peder para estas traballadoras nunha situación penosa xa que se lles paga pouco a hora e ademais so cobran 0,19 euros por kilómetro o que non da para nada. Neste concello a suba que se lles aplicou foi do 3,1 en xaneiro e o pasado venres se lles pagou o 3,4 que se lles adebedaba pola empresa.

Se non existe un convenio colectivo xusto nos imos atopar con traballadoras de primeira e de segunda e non falemos das condicións de traballo que teñen moitas veces, por exemplo no contrato que ten o Concello de Oroso se ten

PLENO

obrigatoriamente que poñer pola empresa un número de camas ou de grúas pero iso non existe en moitos concellos.

Igualmente, se fala da posibilidade de remunicipalizar o servizo, e nese sentido debemos lembrar que o Concello colleu o servizo cando xa era da Mancomunidade e xa o tiña externalizado polo que leva mais de catro anos externalizado. Cando por parte do Concello se recuperou o servizo, nun pleno se criticou moito que o contrato saíra mais caro que o que tiña a Mancomunidade pero era porque se poñía que se pagase ás traballadoras polo convenio do Estado ou o Autonómico o que resultase mais beneficioso.

En canto á remunicipalización do servizo non resulta sinxelo xa que sería necesario que os traballadores pasaran un proceso selectivo e cantos mais demandantes temos mais traballadoras necesitamos e temos o problema para incrementar traballadoras da taxa de reposición de efectivos. En canto á mellora das condicións de traballo, neste Concello sempre que se vai a sacar un prego, o primeiro que se fai é falar coas traballadoras para ver o que se pode poñer nos pregos, cales son as necesidades, por exemplo nos dixeron agora que necesitaban un equipo completo de roupa.

Se ten efectivamente que conciliar axeitadamente unha mellor situación laboral cun mellor servizo, pero en todo caso vimos dunha situación nefasta e non pode existir traballadoras de primeira e de segunda pola prestación dos mesmos servizos, o propio colexio de traballadores sociais indica que as melloras non so se deben producir na mellora das retribucións se non tamén en cambios normativos.

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que está de acordo con que se siga esixindo ao Estado que aporte o 50% pero é para dependencia e non so para o SAF. Polo tanto, ve unha certa trampa nesta moción xa que falan de apoio o SAF e logo na moción o que fan é criticar ao Goberno do Estado pola lei de dependencia. Debemos lembrar que con Mariano Rajoy se lle concedían 88 millóns mentres que nos orzamentos do Estado de 2023 existe unha consignación de 163 millóns. O PP fala na súa moción de 113 millóns e xa so neste exercicio 2022 se transferiron para estes fines 141 millóns en dependencia a Galicia. Polo tanto, nese 70% que din que aporta a Xunta de Galicia gran parte procede do Estado a través de transferencias e sen contar os fondos da Unión Europea.

En canto ás traballadoras do SAF, quere mostrar o seu total apoio e pedirlle a Xunta que xestione un convenio colectivo xusto, que se lles está a ofrecer unha suba do 6% cando leva o salario conxelado desde o 2011. O Estado en todo caso está aportando e como dixo Oroso Renovable tamén está a aportación realizada pola Deputación Provincial. Así nos orzamentos da Deputación Provincial van 7 millóns de euros para gastos sociais que nos van a permitir afrontar e financiar parte das horas do SAF. O PP criticou o alto custe que supoñía asumir o SAF desde a Mancomunidade cando fomos dos primeiros concellos que esiximos que todas as traballadoras se axustaran ao convenio non so no que atinxe ás retribucións. Pide que o PP demostre que quere un convenio xusto e reitera que as traballadoras levan desde o 2011 co salario conxelado. Considera que a Lei de Dependencia foi unha lei que dignificou a figura dos coidadores e que logo chegou o PP e lle recortou

PLENO

dereitos. Por último, sinala que o propio PP sabe que a remunicipalización resulta dificilísima tendo en conta que existe unha taxa de reposición de efectivos que a puxo o PP e que dificulta a contratación de traballadores.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que faloron de moitas cousas e que vai tentar dar resposta a algunha delas. En relación á Lei de Dependencia sempre o grupo de goberno está a dicir que a Xunta fai leis e non as acompaña de cartos e neste caso sería o mesmo pero para o Estado. Existe copago nas dúas modalidades do SAF e en canto ao convenio colectivo a Xunta de Galicia so pode ser árbitro pero non pode impoñer un convenio. Se ten que loitar por máis cousas que as retribucións nese convenio como é que se recoñezan as enfermidades laborais. En canto a que se os cartos veñen do Estado, poderíamos dicir que practicamente todos os cartos das Administracións proceden do Estado, se quitamos os ingresos obtidos dos tributos directos que pon a Xunta e os Concellos. En canto ao tema da remunicipalización consideramos que é un tema a estudar e D^a. Isabel Fernández Gallego dixo que era imposible e que bordeaba a ilegalidade e outros concellos o están facendo así que algún xeito haberá xa que non cre que estean prevaricando.

En canto ao tema de traer o servizo desde a Mancomunidade, si dixemos que era máis caro, pero porque se vendeu que recuperar o servizo ía ser a paneacea e xa dixemos que ía ser máis caro e o tempo déunola razón. É certo que na mancomunidade nos pasábamos de 20.000 habitantes pero existían outras opcións diferentes a que recuperásemos nos estes servizos.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) afirma que o que está a dicir da Mancomunidade non é así.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que apoiar ás traballadoras é tamén estar na rúa con elas e igualmente a Xunta de Galicia en materia do convenio é mediadora e é obriga dela tentar que cheguen a un bo acordo. Estamos de acordo en que o Estado transfira cartos pero o que tampouco se pode facer é que logo a Xunta venda como que son seus os gastos como fixo moitas outras veces. Na parte da remunicipalización hai que ter coidado porque nos pode levar a problemas como por exemplo se viu estes días cun traballador que deixou ver que desde o concello se lle botou cando non o botamos se non que era unha praza nova e non a sacou no proceso de selección e polo tanto tivo que marchar. Tiñamos tan claro que se lle ía ter que pagar que incluso o tiñamos xa orzamentado. En canto á Mancomunidade considera que non se pode dicir unha cousa e a contraria e que cando o Concello asumiu o servizo foi criticado polo PP polo incremento de gasto e agora ven a dicir que o fixemos mal. En canto ao punto cuarto da moción so nos imos a comprometer a estudialo pero nada máis.

Non existindo máis intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción e o Pleno por:

Votos a favor: doce (5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

PLENO

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

1. Mostrar o apoio da Corporación de Oroso as demandas das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).
2. Solicitar ao Goberno do Estado que cumpra co seu compromiso de financiación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e aporte o 50 % que lle corresponde.
3. Instar a patronal e sindicatos a chegar pronto a un acordo beneficioso para as partes e en especial para as traballadoras do servizo.
4. O Concello de Oroso comprométese (tendo en conta que a vixencia do contrato ten data de caducidade) a:
 - 4.1. Analizar a posibilidade técnica e legal mediante a preceptiva solicitude de informes aos técnicos municipais da posibilidade da remunicipalización do Servizo de Axuda no Fogar e trasladarlle ao Pleno da Corporación.
 - 4.2. Complementariamente ao anterior, traballar nun novo contrato de externalización do Servizo de Axuda no Fogar que teña como máxima a mellora das condicións de traballo das traballadoras. ”

14.2.-Moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular en relación á Autoestrda AP-9.

Primeiramente o Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción presentada e o Pleno da Corporación por:

Votos a favor: doce (5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Logo de ver o contido da moción:

“A autoestrada AP-9 é a vía de comunicación máis importante de Galicia, xa que vertebra o territorio onde reside o 60% da poboación. Así mesmo, tamén é a autoestrada que, a pesar das bonificacións implantadas, está entre as máis elevadas de España, xunto coa outra autoestrada estatal en Galicia, a AP-53, que non ten ningún tipo de bonificación.

A día de hoxe, e aínda coas bonificacións implantadas, a AP-9 ten un custo medio por quilómetro de 6,12 céntimos. No caso da autoestrada estatal AP-53, de comunicación de Santiago con Ourense, ten o custo da peaxe máis

PLENO

alto de Galicia e atópase no “top” de España, con 7,77 céntimos de custo medio por quilómetro.

Estas dúas autoestradas estatais non só son das máis caras de España, senón que tamén se seguirán encarecendo en xaneiro, coa suba derivada do IPC se o Goberno central non adopta medidas, como xa fixo a Xunta nas autoestradas autonómicas da súa competencia, a AG-55, entre A Coruña e Carballo, e a AG-57, Vigo-Baiona.

Isto significa que, se o Goberno central non o remedia, o 1 de xaneiro a suba das peaxes en ámbalas dúas autoestradas estatais en Galicia roldará o 9 por cento, o que suporá o segundo maior incremento da serie histórica.

Entrando máis en detalle, os galegos teremos que soportar unha suba de máis do 8% nas peaxes da autoestrada estatal AP-53 e de case o 9% na AP-9. Nesta última haberá que sumarlle o 1% de incremento extra pola compensación a Audasa polas obras de ampliación da autoestrada, que autorizou un Goberno socialista en España.

Desde o Grupo do Partido Popular no Concello de Oroso lamentamos que ante a escalada de prezos e o evidente impacto que o IPC ía ter nas tarifas das autoestradas estatais AP-9 e AP-53, o Goberno de España non prevese ningunha medida nos Presupostos Xerais do Estado de 2023 co obxectivo de paliar o impacto da suba das peaxes no peto das familias e na competitividade das empresas.

Porén, consideramos que o Goberno de España está a tempo. Pode e debe evitar que os galegos teñamos que asumir o vindeiro 1 de xaneiro unha suba histórica das peaxes da AP-9 e da AP-53 no peor momento.

É por iso que, desde o grupo do Partido Popular presentamos esta moción no Pleno do Concello de Oroso para pedirlle ao Goberno de España que siga o exemplo do Goberno galego, que adopte medidas similares ás que xa adoptou a Xunta nas dúas autoestradas de titularidade autonómica, coa conxelación das peaxes en 2023, para evitar que os cidadáns asuman unha suba por mor do IPC, que está disparado.

Para anticiparse a esta situación, o Goberno galego, ante un previsible e desproporcionado incremento das peaxes das autoestradas da súa competencia como consecuencia do IPC, adoptou a decisión de conxelar as peaxes das autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57 e así o recolleu nos Orzamentos de 2023.

Os Orzamentos da Xunta conteñen unha partida de 4,8 M€ para paliar o impacto das peaxes nos usuarios, absorbendo o impacto do IPC e aplicando descontos. Esta partida representa un incremento do 86% con respecto ao 2022 e permitirá continuar coas bonificacións xa activas (usuarios recurrentes, en horario nocturno e para familias numerosas) e conxelar o prezo das peaxes das autoestradas autonómicas o 1 de xaneiro de 2023.

PLENO

Esta medida da Xunta vense a sumar á que xa adoptou o 1 de xaneiro de 2022 para limitar o impacto da suba do IPC nas peaxes das autoestradas autonómicas, asumindo a metade do incremento, un 2,5%, no canto do 5% que correspondería.

Polo tanto, está fóra de toda dúbida que é unha cuestión de vontade política que o Goberno de España colla exemplo e adopte medidas nas autoestradas de titularidade estatal como as que a Xunta vai facer nas autoestradas autonómicas da súa competencia

En definitiva, é posible limitar as subas das peaxes e o Goberno de España ten o deber de facelo nas autoestradas de titularidade estatal en Galicia: na AP-9 e na AP-53.

*Tendo en conta todo o exposto anteriormente o Grupo Municipal do Partido Popular de Oroso propón o seguinte **ACORDO**:*

O Concello de Oroso insta ao Goberno de España a que adopte as medidas encamiñadas a conxelación das peaxes nas autoestradas estatais, a AP-9 e a AP-53, similares ás que adoptou o Goberno galego nas autoestradas autonómicas.”

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que a AP – 9 vertebrada o 60% da poboación de Galicia e é a mais cara de España e en xaneiro subirá un 9% que no noso caso será do 10% polo que o que se pide nesta moción é que se conxelen as peaxes como fixo a Xunta nas súas autoestradas. En Portugal xa o fixeron.

O grupo municipal de Oroso Renovable tamén presentou unha moción en relación a esta cuestión facendo alusión a un ditame da Unión Europea para solicitar na súa moción que se supriman as peaxes, pero dito ditame non é vinculante e obviamente nos estariamos de acordo en que se eliminasen as peaxes pero moito nos tememos que iso non vai a ser posible. No punto segundo da moción fala da variante e xa sabemos o que opina cada un de nos desta cuestión e en todo caso a realidade é que a variante non está consignada nos orzamentos xerais do Estado e a día de hoxe non sabemos nada sobre a mesma. En todo caso a nosa moción o que pide é a conxelación das peaxes da AP-9.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que a moción presentada polo PP resúmese no titular de hai uns días da Voz de Galicia que dicía que a AP-9 era un filón que estableceu Franco e que todos os gobernos mantiveron. Nos consideramos que o da conxelación das peaxes non é suficiente, xa que a Unión Europea ven de declarar que a prórroga da concesión era ilegal baseándose nunha sentenza de Livorno. A falta de publicidade e a non licitación foron os argumentos da Unión Europea para considerar dita prórroga ilegal e esta non foi acatada por España que ademais

PLENO

presentou alegacións que declarou secretas. Engadido a este tema, temos o feito de que a gratuidade da AP-9 melloraría moito o transporte por Oroso que temos a entrada da autoestrada a 1 quilómetro de Sigüeiro e evitaríamos a construción dunha nova infraestrutura que daría lugar a un gran impacto económico, social e cultural.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) sinala que a gratuidade da autoestrada a leva solicitando o BNG moito tempo, pero en canto ao segundo punto da moción presentada por Oroso Renovable non parece moi lóxico acordar limitar as infraestruturas para sempre e para todo o futuro. En canto a que se conxelen as peaxes loxicamente estamos de acordo pero hai pouco o Parlamento de Galicia por unanimidade solicitou a transferencia da AP-9 e logo os Deputados do PP en Madrid votaron en contra, polo que pregunta se neste caso o van a apoiar.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) afirma que Ana Pastor dixo que ela se atopou unha concesión ata o 2048 e que con iso fixo o que puido, pero é que dita concesión foi prorrogada por Aznar e obrigou a aceptar todas estas subas. O Estado co actual goberno bonificou as peaxes nos orzamentos. Imos tentar desde o PSOE de Oroso que dita suba non sexa efectiva pero non é o que se di nesta moción. Neste sentido solicita que se engada un punto mais á moción pedindo á Xunta de Galicia que proceda a bonificar os viaxes de volta nas súas autoestradas.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que van a aceptar a enmenda do PSdeG-PSOE porque consideran que a bonificación de volta é positiva pero de todos os xeitos quere dicir que no caso da AP-9 non se aplicou a todos como por exemplo aos profesionais. Respecto do acordo de transferencia da AP-9 o BNG tamén ten un deputado en Madrid.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que o seu grupo o que quere é a autoestrada libre de peaxes xa que Galicia está sendo discriminada cando outras autoestradas se están liberalizando. Aquí o que se fixo é que Aznar ampliou a concesión, Zapatero proxectou a ampliación de Rande e Rajoy a licitou. Pedimos a gratuidade. Logo está o tema da variante. Un veciño de Teo ou de Bertamiráns por exemplo tañen dúas estradas, non entendemos porque teríamos que ter nos aquí tres. O retorno para os negocios da Nacional 505 é importante se o quitamos perderase iso que xa ten que competir coa venda dixital e as grandes superficies.

Finalmente o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción coa enmenda engadida polo PSdeG-PSOE a votación e o Pleno por:

Votos a favor: dez (5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: dúas (2 de OR) adopta o seguinte acordo:

Primeiro: O Concello de Oroso insta ao Goberno de España a que adopte as medidas encamiñadas a conxelación das peaxes nas autoestradas estatais, a

PLENO

AP-9 e a AP-53, similares ás que adoptou o Goberno galego nas autoestradas autonómicas.

Segundo: O Concello de Oroso insta á Xunta de Galicia a tomar medidas encamiñadas a bonificar a viaxe de volta nas peaxes das autoestradas autonómicas.

14.3.-Moción presentada por o grupo municipal Oroso Renovable en relación á autoestrada AP-9.

Primeiramente sométese a votación a urxencia da moción e o Pleno por:

Votos a favor: doce (5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Logo de ver o contido da moción:

“Actualmente o tráfico na travesía de Sigüeiro presenta unha intensidade continua de circulación en determinadas franxas horarias en días laborais, cun nivel de servizo amarelo (ciculación discontinua con paradas esporádicas) e no resto dos tramos horarios e días festivos a circulación rexistra nivel verde ou branco. Estas circunstancias foron posibles grazas a construción dunha glorieta no pk 49 que permitiu unha ordenación actualizada na intersección coa DP-3801 de forma que posibilitou a circulación continua ao contratrio do que acontecía anteriormente coa sinalización semafórica e os seus ciclos non axustados as circunstancias reais do momento. A rotonda permitiu pasar dun nivel vermello a un nivel amarelo na peor das circunstancias. A circulación a nivel verde é necesaria e a circulación en nivel amarelo pode considerarse soportable, asumible, e derivada da carestía da AP-9.

Cómpre engadir que nos últimos anos o Ministerio promoveu o acceso sur que incluíu un desbordamento entre a rotonda da AP-9 e a que denominamos rotonda do Familia. O acceso sur debido a alta carestía da AP-9 e do tramo Sigüeiro 55 Santiago Norte 67 rexistra un número mínimo de paso ordinario, polo tanto é unha infraestrutura viaria que non responde o servizo que en si mesmo debe prestar un investimento público. Non esta cumprindo o seu obxectivo polo que foi proxectada e construída.

Consideramos que existe infraestrutura viaria suficiente para dar cabida ás necesidades circulatorias da travesía da N-550 o seu paso pola pobobación de Sigüeiro sen necesidade de nova rede viaria en forma de circunvalacións.

Proposta de acordo.

- 1) Solicitar dende o Concello de Oroso o acatamento por parte do Goberno do Estado e do Ministerio de Transportes, Movilidad e

PLENO

Agenda Urbana do ditame da Comisión Europea que declarou ilegal a prórroga da concesión da AP-9 e en consecuencia demandar a gratuidade total da autoestrada.

- 2) Solicitar o arquivo definitivo de calquera estudo informativo ou proxecto de circunvalación que atravesese o núcleo de Sigüeiro ao considerar que a liberalización da AP-9 resultaría a medida mais eficaz en termos de circulación para equilibrar a intensidade circulatoria entre a N-550 e a autoestrada AP-9.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen afirma que en relación ao tema da gratuidade mañá mesmo o solicitamos pero o segundo punto da moción non o podemos aceptar porque existen moitos veciños que o demandan. Afirma que D. José Manuel Mirás Pulleiro so pensa nos comercios pero que existe mais xente que demanda a circunvalación e que temos unha densidade de tráfico moi grande, tendo 18.000 coches diarios e o 35% é de tráfico pesado pasando polo medio do pobo. Non temos que pechar a porta a loitar pola gratuidade pero a realidade é que vai a ser difícil xa que existe un contrato asinado. Afirma que non van a desbotar a posibilidade da variante e agradece que por fin D. José Manuel Mirás Pulleiro se dera conta de que a rotonda era boa cando antes a criticaba.

D. José Manuel Mirás Pulleiro afirma que el sempre defendeu a glorieta e que ten documentos que así o acreditan e que os ía a traer.

O Sr. Alcalde afirma que o xiro da glorieta ía a ser a ruína e falou cos comerciantes e din que nin o notaron. En todo caso non nos vai a coller no compromiso de renunciar á posibilidade da circunvalación.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: dous (2 OR)

Votos en contra: seis (5 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Abstencións: catro (4 do PP), non aproba a moción.

15.- Rogos e preguntas.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que ante a premura en rematar o Pleno, presentará por escrito e a través de rexistro nos vindeiros días unha serie de rogos e preguntas.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) declina facer rogos ou preguntas.

Neste intre o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 20:17 horas do día sinalado ao comezo da presente acta, que asina dixitalmente o Secretario da Corporación para dar fe da mesma co visto e prace do Sr. Alcalde – Presidente.

PLENO

O Alcalde - Presidente
Luis Rey Villaverde

O Secretario
Federico Suárez Cancelo.